

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019301	CPI de San Vicente	A Baña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Nas interaccións sociais de cada día, debemos escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Polo tanto, ser quen de comunicar de forma competente pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional. Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá.

Por outra banda, falar en público é hoxe unha actividade que adopta formas e usa canles moi variadas: as redes sociais, as reunións de traballo, a actividade académica, os medios de comunicación, as xuntanzas políticas, os discursos comerciais, os colectivos culturais, as congregacións informais etc. Tal diversidade e amplitude de situacións fan que as tradicionais disciplinas da oratoria e a retórica acaden no noso tempo unha proxección práctica particularmente tanxible.

No contexto normativo actual, a materia de Oratoria está chamada a ocupar nos últimos cursos da ESO un posto central no progreso curricular do alumnado. As oito competencias que definen a aprendizaxe permanente e os obxectivos curriculares asociados no seu caso adquiren aquí unha presenza concreta, explícita e concluínte, debido á natureza transversal da propia actividade oratoria.

Así, a materia de Oratoria en 3º de ESO ten a vocación de constituír un soporte amplo e sólido para o desenvolvemento integral do alumnado nun momento moi preciso da súa formación. Expoñer ideas e debater opinións son trazos de madurez individual que poderán ser desenvolvidos nos seguintes niveis educativos e que se proxectarán nunha vida colectiva tamén máis rica e ampla, como se espera dunha sociedade democraticamente avanzada.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A arte de falar e a arte de persuadir: Introducción á oratoria	Trátase de que o alumnado coñeza as bases da oratoria e a retórica, se familiarice cos tipos de discurso persuasivo, os seus xéneros e ámbitos de difusión, e lembre algúns conceptos básicos que serán necesarios ao longo do curso, como as funcións da linguaxe, os tipos de textos ou as modalidades enunciativas.	15	20	X		
2	A arte de fabricar textos: O contido e a forma, recursos lingüísticos e literarios	Nesta unidade estúdanse as múltiples dimensións que levan, en conxunto, a construír un bo texto: en primeiro lugar, a procura, selección e ordenación da información; a continuación, o respecto polas propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión); e, por último, os recursos estilísticos ou figuras retóricas, que embelecen a forma do discurso.	20	20	X		
3	Quen dixo medo?: Peculiaridades dos textos orais e estratexias para falar en público	A unidade pretende fornecer o alumnado dunha serie de ferramentas para mellorar as súas dotes oratorias. Así, traballarase a proxección da voz, a prosodia, a dicción, a linguaxe corporal, os xestos e movementos, algunhas regras mnemotécnicas, estratexias de captatio benevolentiae, técnicas de relaxación contra o medo escénico etc.	15	15	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Explicámo como se tivese cinco anos: A exposición	Abórdase nesta unidade o texto expositivo, coa finalidade de que o alumnado aplique o aprendido ás actividades de exposición oral doutras materias. Ademais das particularidades desta tipoloxía textual, aprenderase a elaborar presentacións de apoio con ferramentas ofimáticas e audiovisuais, como complemento para as exposicións orais tanto no mundo académico como profesional.	15	15		X	
5	Non concordo co que dis, pero defendo o teu dereito a dicilo: A argumentación	Esta unidade céntrase no texto argumentativo, tanto oral como escrito: a súa estrutura, a elaboración de argumentos válidos e os seus tipos, as falacias e os valores de veracidade, tolerancia, respecto polas opinións diversas e actitude crítica, como principios básicos dunha sociedade democrática e dunha cidadanía activa.	15	15		X	X
6	Moito nos gusta discutir: O debate	A última unidade xira ao redor do debate académico, disciplina de crecente importancia tanto desde o punto de vista pedagóxico como cívico. Analízanse os roles, a estrutura e os tipos de debate, así como as técnicas para intervir neles con rigor e elocuencia. Trátase dunha actividade que permite poñer en práctica todos os coñecementos asimilados nas unidades anteriores e adquirir, de forma integrada, diversas competencias que contribúen á habilidade dialéctica e ao desenvolvemento cidadán.	20	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A arte de falar e a arte de persuadir: Introducción á oratoria	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Coñecer como xurdiu a oratoria e cales son os seus conceptos básicos, e entender que esta disciplina dota as persoas dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades e confrontar ideas de xeito construtivo.	PE	70
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Coñecer as principais técnicas persuasivas que relacionan a oratoria con outras disciplinas, como son a retórica e a dialéctica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Coñecer as partes do proceso de elaboración dun discurso segundo a retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Ser capaz de valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas.	TI	30
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Adaptar o discurso ao receptor, á canle, á temática e á situación comunicativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Adecuación do discurso ao contexto.

UD	Título da UD	Duración
2	A arte de fabricar textos: O contido e a forma, recursos lingüísticos e literarios	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Elaborar un discurso claro, breve e eficaz no que se faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán en ningún caso comprometer a comprensión da mensaxe.	PE	35
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Utilizar con soltura, como mínimo, os correctores lingüísticos dos procesadores de textos e os dicionarios (dixitais e en papel) para revisar os textos.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Diferenciar as fontes primarias das secundarias e manexar con soltura diversas fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, en especial, Internet.	TI	65
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Aplicar correctamente os criterios de selección de fontes documentais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Identificar como mínimo os contidos lóxicos pertinentes (datos, estatísticas, citas...).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Ser capaz de diferenciar entre informacións e opinións, e respectar tanto a protección de datos de carácter persoal como a propiedade intelectual.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Diferenciar con claridade no discurso a introdución, o corpo argumentativo e a conclusión, e organizar os argumentos atendendo a unha orde lóxica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.

UD	Título da UD	Duración
3	Quen dixo medo?: Peculiaridades dos textos orais e estratexias para falar en público	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Desenvolver unha intervención en público facendo uso, como mínimo, do guión ou as TIC como elemento de apoio (non protagonista).	TI	100
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Interiorizar e pronunciar un discurso de dous minutos sobre unha proposta previamente establecida, adaptándose ao tempo de exposición.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Ser capaz de transmitir un mínimo de confianza e controlar as manifestacións externas do nerviosismo (en particular o tremor de voz e os titubeos) cando se fala en público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo controlado e manexando as pausas e os silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Ser quen de dominar a expresión facial e evitar os tics nerviosos.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Practicar a escoita activa en exposicións e debates: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade.

UD	Título da UD	Duración
4	Explicamo como se tivese cinco anos: A exposición	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Utilizar LibreOffice Impress (ou outra ferramenta similar) para crear unha presentación que apoie a súa exposición oral.	PE	25
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Ser capaz de distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, valoracións persoais, imaxes...).	TI	75
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Identificar como mínimo os contidos lóxicos pertinentes (datos, estatísticas, citas...).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Ser capaz de diferenciar entre informacións e opinións, e respectar tanto a protección de datos de carácter persoal como a propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Adaptar o discurso ao receptor, á canle, á temática e á situación comunicativa.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Diferenciar con claridade no discurso a introdución, o corpo argumentativo e a conclusión, e organizar os argumentos atendendo a unha orde lóxica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

UD	Título da UD	Duración
5	Non concordo co que dis, pero defendo o teu dereito a dicilo: A argumentación	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	En textos dos medios de comunicación e do ámbito académico, identificar a intención persuasiva, recoñecer a tese e diferenciar, como mínimo, os argumentos obxectivos dos emocionais.	PE	80
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Ser quen de achegar, como mínimo, un argumento pertinente de apoio e outro de refutación ante unha tese dada, así como de identificar os tipos de falacias non formais máis sinxelas.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Utilizar correctamente premisas, teses e siloxismos para defender a súa postura nunha argumentación sobre un tema previamente fixado.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas.	TI	20
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Ser capaz de distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, valoracións persoais, imaxes...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.

UD	Título da UD	Duración
6	Moito nos gusta discutir: O debate	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Expresarse con naturalidade, empatía, autoconfianza e asertividade.	TI	100
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Ser capaz de transmitir un mínimo de confianza e controlar as manifestacións externas do nerviosismo (en particular o tremor de voz e os titubeos) cando se fala en público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo controlado e manexando as pausas e os silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Ser quen de dominar a expresión facial e evitar os tics nerviosos.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Practicar a escoita activa en exposicións e debates: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Oratoria debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á súa realidade máis próxima. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas en que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas, razoamento lóxico...) etc.

Para que esta metodoloxía logre a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Oratoria con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita mostrar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos distintos departamentos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a

comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas realistas que poidan producirse na contorna do alumnado. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).

6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas.

7) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos didácticos elaborados ou facilitados pola docente.
Aula virtual da material, concibida como repositorio de recursos, diario de clase, ferramenta de avaliación e plataforma para o traballo diario.
Selección variada de textos orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.

Recursos e aplicacións informáticas e multimedia e actividades interactivas, animacións, vídeos, películas e espazos dixitais diversos.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.
Aula de recursos audiovisuais do centro, con dispositivos a disposición da clase como cámaras de vídeo, mesa de radio, micrófonos, croma, iluminación etc.
Materiais de investigación e consulta, en particular os dispoñibles na biblioteca escolar.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.

A selección dos materiais que integran a PD da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha gran variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supón o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen á comprensión de temas de actualidade e permitan analizar de forma crítica o noso contexto.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalguna das unidades didácticas da materia.

A utilización das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

En definitiva, os contidos da materia integraranse na aula favorecendo a transversalidade e interdisciplinidade por medio da planificación, análise e emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseveranza, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual e motivar os cambios necesarios para promover o avance social.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A efectos de proceder á avaliación inicial das competencias do alumnado na materia, na primeira semana do curso realizarase unha actividade oral (exposición de dous minutos sobre un tema escollido polo alumno ou alumna entre os propostos pola docente), que será valorada segundo táboa de indicadores. Esta exposición será gravada en vídeo para favorecer a autoavaliación en momentos posteriores do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	15	15	15	20	100
Proba escrita	70	35	0	25	80	0	33
Táboa de indicadores	30	65	100	75	20	100	67

Criterios de cualificación:

De acordo co establecido na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de ESO será continua, formativa e integradora. O resultado da aplicación dos instrumentos de avaliación expresarase, en cada un dos trimestres e ao finalizar cada curso, mediante unha escala de cualificación (insuficiente, suficiente, ben, notable e sobresaliente) e un número, que terán como referente os obxectivos, competencias, criterios de avaliación e contidos xa descritos, de acordo coas seguintes condicións:

1. Ningunha das observacións que integran o proceso de avaliación terá carácter exclusivo, nin se avaliará nunca por medio dunha observación única: todo o alumnado deberá realizar aquelas actividades a que se lles conceda a consideración de probas oficiais de avaliación. Non realizar estas probas implicará a cualificación de suspenso no trimestre correspondente ou, no seu caso, na totalidade do curso. Exceptuaranse deste suposto os casos en que o alumnado acredite de maneira documental (xustificante médico, xudicial ou similar) que non realizou a proba por unha ausencia xustificada, en cuxo caso poderá levala a cabo outro día.
2. Calquera proba ou actividade de avaliación poderá considerarse suspensa se existe constancia de que o alumno ou alumna copiou: nese caso, a profesora poderá cualificar a proba cun 0, chegando a manter esa nota na cualificación final da avaliación se considera que a gravidade do caso o merece. Así mesmo, un exame ou exercicio escrito poderá ser rexeitado se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible; neste caso quedará a criterio da profesora a repetición da proba ou a súa substitución por outra doutro tipo.
3. As correccións das tarefas, exercicios e traballos do alumnado serán coñecidas por este sempre que sexa posible, polo cal a profesora os amosará unha vez corrixidos. Poderase negar ocasionalmente este dereito a un alumno ou alumna se mostra actitudes ou comportamentos que fagan impracticable o proceso de autoavaliación.
4. A cualificación de cada avaliación trimestral e mais da avaliación final dependerá das obtidas nas diversas observacións e probas realizadas, segundo os seguintes criterios:
 - Para calcular a nota de cada avaliación trimestral, valoraranse as probas escritas e a observación, a partir de táboas de indicadores, das actividades realizadas polo alumnado, segundo as porcentaxes e pesos das unidades didácticas indicados no apartado 3 desta PD. Para superar a materia en cada avaliación trimestral, o resultado dese cálculo debe ser igual ou superior a 5.
 - A non realización ou o abandono manifesto e reiterado das actividades de avaliación suporá o suspenso no trimestre.
 - A cualificación da avaliación final resultará da media aritmética das tres avaliacións do curso. En caso de que a cualificación dunha das avaliacións trimestrais sexa negativa, utilizarase como referente esencial o logro dos obxectivos do curso. Nunca se considerará aprobada a área se o alumno ou alumna presenta dúas avaliacións suspensas e non recuperadas.
5. O alumnado que suspenda algunha avaliación trimestral será informado dos aspectos en que o seu rendemento foi insuficiente e orientado respecto aos contidos e criterios de avaliación mínimos e as actividades que debe realizar para alcanzalos.
6. A penalización por erros de ortografía e expresión nos traballos e probas escritas será de 0,1 puntos por cada falta grave; tres faltas leves (p. ex. tiles) equivalerían a unha grave.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores criterios, esta poderá recuperarse mediante a realización dunha proba final en xuño que versará sobre as partes suspensas e que terá lugar entre o 19 e o 21 de xuño. A efectos de calcular a cualificación final (cálculo que se realizará en todo caso segundo o baremo explicitado nos parágrafos anteriores), a nota do devandito exame substituirá as notas das avaliacións suspensas. Durante o mes de xuño realizaranse actividades de apoio, reforzo e recuperación, orientadas a preparar a proba de recuperación final, ademais das actividades lectivas ordinarias.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado non procede, por ser a de Oratoria unha materia de nova implantación no currículo e ser este o primeiro curso en que se imparte.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade en que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e abandono precoz do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todos os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todo o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, pode aprender; que a súa contorna educativa garante experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada estudante e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada estudante teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas de comprensión e produción oral en que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática	X		X			X
ET.2 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital				X		
ET.4 - O compromiso co desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais			X		X	X
ET.6 - Liberdade de expresión	X				X	X

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sostibilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometerse co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaranse todos os comportamentos e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade trabállanse en todas as materias. A materia de Oratoria debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nunha actividade de debate académico fóra do centro.	Procurarase a inscrición do alumnado nalgún dos torneos de debate académico existentes para a súa idade (TDAG da Fundación Barrié, Club de Debate da Asociación de Entidade Locais pola Lingua Galega), onde os equipos inscritos investigan e debaten sobre un tema formulado pola organización, fronte a equipos doutros centros de ensino; estas iniciativas acostuman proporcionar, ademais, algunha formación específica para os participantes, normalmente a distancia. No caso de non ser posible a participación formal nalgún destes eventos, procurase organizar algunha actividade similar de pequeno formato, en colaboración con algún instituto da contorna.			
Asistencia á representación dunha obra teatral.	Asistir a unha representación dramática de calidade, levada a cabo por algunha compañía profesional do ámbito galego, pode proporcionar ao alumnado excelentes referentes de dominio da voz, os silencios, os movementos, o espazo escénico etc., calidades todas que teñen en común o teatro e a oratoria.			
Gravación dun noticiario ou un anuncio publicitario.	Trátase de poñer en práctica as competencias adquiridas na produción dun pequeno audiovisual (podcast ou vídeo) de carácter informativo ou persuasivo.			
Campaña de promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	No marco do proxecto anual de centro, o alumnado terá ocasión de aplicar as estratexias aprendidas na materia de Oratoria nunha serie de actividades relacionadas coa promoción dos ODS: elaboración de folletos, lemas e carteis propagandísticos, mensaxes en redes sociais, podcast de radio, discursos e conferencias etc.			

Observacións:

Na medida do posible, as actividades complementarias desenvolveranse en colaboración con outros departamentos didácticos ou equipos do centro, en particular co EDLG e o de Biblioteca.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado.
Ao comezo de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.

As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empréganse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Aplícanse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplícase a metodoloxía establecida na PD.
Desenvólvense as medidas de atención á diversidade necesarias para o alumnado que as require.
Lévanse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non alcanzados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que alcance de maneira significativa os obxectivos propostos.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explícanse e corríxense na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empréganse os materiais e recursos didácticos programados.
Póñense en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Desenvólvense actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquiera os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
Aplícanse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na PD.
Utilízanse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...).
Desenvólvense procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate sobre a realidade educativa do centro en relación cos seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A PD da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, publicarase un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A PD será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-

aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Esas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da PD realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A PD elabórase de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A PD específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvolvidas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A PD contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A PD organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A PD inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A PD é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A PD adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación Proens, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas e o grao de cumprimento dos obxectivos.

As propostas de mellora da PD derivarán da análise da súa efectividade e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados